



Troi-ta

Nº 34

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xaneiro 2016

Rematado o Nadal, entramos no Entroido

Coas panxoliñas de Nadal aínda resoando nos nosos oídos, comeza a conta atrás para o Entroido 2016 no Concello de Oroso, que este ano trae como novidades un **concerto dos Combos da Aula de Música** (venres 5 de febreiro, ás 20:00 h, no centro cutlural) e dous obradoiros de balde e moi doces: de filloas (mércores 10, para maiores de 6 anos) e de mini tortas-fondant (luns 8, para nenos/as de 4 a 13 anos). **Troi-ta** adiántache o programa para que vaias preparando as túas propostas para os concursos de máscaras, disfraces e receitas.

Comezamos co **Concurso de Disfraces**, que terá lugar o sábado 6 de febreiro. As inscricións poden formalizarse no centro cultural de Sigüeiro ou no teléfono 981 690 903 (de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas) antes do venres 5 de febreiro. Como en anos anteriores tamén se admitirán anotacións o mesmo día do concurso no polideportivo, en horario de 16:30 a 17:30 horas. O Concello de Oroso estableceu dúas



categorías: infantil (ata 16 anos) e adultos (máis de 16 anos), con tres modalidades diferentes: individual, grupo (de 2 a 5 compoñentes) e comparsa, nas que se designarán un gañador e un finalista. En total, repartiranse máis de 3.000 euros en premios.

O desfile sairá ás 18:00 horas do polideportivo e percorrerá as rúas de Si-

ser típicas do Entroido, estar escritas en galego e mecanografadas. Así mesmo deberase presentar o prato elaborado o 4 de febreiro. O/a gañador/a levará unha cea para dúas persoas e o/a finalista un libro de cociña.

No caso do **Concurso de máscaras**, o prazo límite de entrega é o 2 de febreiro no centro cultural. Haberá dúas categorías: infantil (de 7 a 12 anos) e adultos (a partir de 13 anos). Os premios na categoría infantil serán dous vales regalo en equip@t por 70€ e 35€. Para os adultos: unha tablet e unha cea para dous no restaurante Mariñaos.

O resto do programa inclúe: un **Obradoiro de máscaras para nenos/as** a partir de 6 anos (os días **26 e 28 de xaneiro**, de 16:30 a 18:30 horas, no centro cultural), o **Festival do CRA** (venres 5), a **Festa de disfraces** (luns 8, ás 19:00h, con discomóbil para nenos/as con dj, máquina de pompas e de fume) e **Baile de maiores** (sábado 27, ás 19:30h, co "Dúo Chanel").

güeiro co grupo de percusión da Aula de Música. Haberá animación, incharbles, mascotas, premios, música e moita diversión.

No caso do **Concurso de receitas de Entroido: "En galego sabe mellor"**, dirixido a maiores de 16 anos, o prazo de entrega das receitas no centro cultural remata o 3 de febreiro. Terán que



Descarga a aplicación no teu móbil dende www.concellooroso.com e comunícanos as incidencias que vexas






O Concello de Oroso inicia 2016 cunha bonificación do 50% da Plusvalía


O pleno municipal aprobou, coas abstencións de PP e Anova, a proposta da Alcaldía de Oroso de bonificar nun 50% o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, máis coñecido como "Plusvalía". Esta bonificación vaise conceder de oficio polo Concello nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes. PP e Anova solicitaron a súa eliminación, pero o alcalde Manuel Mirás explica que "este é dos impostos máis xustos que hai, posto que é normal que alguén pague cando allea un ben e obtén un valor engadido" e cualificou a proposta da oposición de "lindezas que só servirían para poñer en risco a facenda municipal, xa que deixar de aplicar este imposto obrigaría a subir outros".



O conto de Estela Suárez xa está dispoñible nas librerías




A escritora orosá **Estela Suárez Recouso** e o ilustrador Héitor Picallo Fuentes presentaron no centro cultural o conto infantil "Non quero xogar ás agachadas coa lúa", escrito por esta veciña de Trasmonte cando só tiña 15 anos. A obra, publicada por Edicións Fervenza e que conta coa colaboración do Concello de Oroso, xa está dispoñible nas distintas librerías do municipio.



Cincocentos nenos/as de Primaria aprenden a controlar as súas emocións

O Concello de Oroso impartiu o obradoiro "**A Terra das emocións**" entre uns 500 nenos/as de primaria dos distintos centros educativos do municipio. A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, indica que "o obxectivo é que aprendan a coñecer e controlar as súas emocións, contribuíndo así a mellorar a convivencia".





Os investimentos foron aprobados por unanimidade

O Concello aproba para 2016 máis de 600.000 € en obras



O Concello de Oroso vén de aprobar un programa de investimentos para 2016 que ascende a 604.357 euros. Unha cantidade que, segundo explica o alcalde Manuel Mirás, "só é un adianto xa que unha vez que aprobemos os orzamentos a cantidade destinada a obras superará o millón e medio de euros".

Deses máis de 600.000 euros, un total de 245.132 € utilizaranse para adecentar a capa de rodadura da rúa da Tosca (Sigüeiro), a segunda fase do vial entre Arderís (Senra) e Castiñeiro Redondo (Calvente), mellorar a rede viaria en Vilanova e Vilacide de Abaixo (Oroso), Vilarelle (Villarromariz), Vilalbarro e Sigüeiro (Oroso), O Empalme (Trasmonte) e O Covelo (Marzoa); e a rede de abastecemento de auga desde A Igrexa ata A Garabanxa (Calvente). Os outros 359.225 euros investiranse na construción dunha senda peonil desde A Baiuca ata A Igrexa (Senra) e noutra pedida pola veciñanza de Gándara: desde a Rúa María Casares (Porto Avieira) ata O Piñeirón (Gándara). Ademais, construírse a rede de abastecemento de auga desde Valverde (Villarromariz) ata A Falmega (Gándara) e se ampliará o alumeadado público na Estación de Oroso, no Alto de Vilanova e en Vilalbarro (Oroso), en Vilar de Arriba e nos Carballos (Deixebre) e en Piñeirón e na Igrexa (Gándara).



María José Rodríguez abre un novo ano de exposicións no centro cultural

A arte da pedagogía extrapolada aos diferentes ámbitos artísticos. Deste xeito define a súa obra a artista coruñesa **María José Rodríguez**, que o venres 15 de xaneiro, ás 20:30 horas, presentará no centro cultural de Sigüeiro a súa exposición "Misturarte". Licenciada en Pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela, a súa exposición poderá visitarse en Sigüeiro ata o próximo 28 de xaneiro.



Éxito do Depor Campus, que podería ter continuidade



O concelleiro de Deportes, Luís Rey, clausurou a primeira edición do **Dépor Campus**, que se desenvolveu en Oroso entre o 28 e o 31 de decembro para nenos/as entre os 6 e os 14 anos. Rey Villaverde destaca "a gran profesionalidade dos técnicos do Deportivo, que foron quen de converter unha iniciativa de conciliación nun exemplo do que é a metodoloxía do club, que combina as ensinanzas técnicas coa formación en valores como o respecto, a solidariedade, a amizade, o

esfuerzo, a integración ou o xogo limpo". Pola súa banda, os técnicos do Deportivo da Coruña agradeceron a colaboración do Concello de Oroso e dos equipos do Sigüeiro e o Xuventude Oroso na celebración deste I Dépor Campus, que agardan poida ter continuidade noutras datas.



Foi noticia...

Gran participación no Nadal de Oroso



Unhas dúas mil persoas gozaron coa Cabalgata e Festa de Reis do Concello de Oroso



Grupo de teatro da ANPA do Carboeiro

O festival de panxoliñas consolídase como unha das citas máis concorridas



Gran éxito de participación no Concerto de Nadal da Aula de Música de Oroso

Actuación de maxia



Alumnado do curso de cestería

O Carteiro e o Paxe Real pasaron a recoller as cartas aos Reis



Obradoiro de agasallos de Nadal

A rapazada saú Cantar os Reis

Obradoiro para facer carbón de Reis